

LOU REED

DEFEND

WADA

THE

BERLÍN

Berlín toma o relevo do disco composto por Lou Reed en 1973, para trasladalo aos escenarios galegos. Trátase duna ópera rock trágica, sobre unha parella en Berlín, cidade-metáfora do muro, da división e incomunicación, da dificultade dos seres humanos para se entender entre si. Aborda temas coma a violencia, a drogadición, a prostitución ou o suicidio, a través de dez cancións que van narrando o devir desta parella, Jim e Caroline. Está interpretada por Lara Rozados e por Leo Fernández Campos, que tamén realizou a tradución e arranxos musicais de *Berlín*, e coa súa guitarra vai recreando as cancións en escena. Rock e teatro danse a man neste espectáculo para trasladarnos ao máis escuro da condición humana.

FICHA ARTÍSTICA/TÉCNICA

BERLÍN, de Lou Reed

Traducido e adaptado

ao galego por Leo
Fernández Campos

Arranxos musicais, por
Leo Fernández Campos

Dirección de Chiqui
Pereira

Elenco:

Jim- Leo Fernández
Campos

Caroline- Lara Rozados
Lorenzo

**Escenografía,
vestiario, atrezzo,
peiteados e
maquillaxe:** Histeria
Teatro

Vídeo: Leo Fernández
Campos (imaxes
tomadas en Berlín,
verán do 2006)

Son: Leo Fernández
Campos

**Produción,
distribución e
comunicación:** Lara
Rozados Lorenzo

**Fotografía e deseño
gráfico:** Jose Valiño



NECESIDADES TÉCNICAS

Requírese:

- Espazo de 5 m. de boca, 4 m. de fondo e 2 m. de altura, que facilite a interacción co público. Pódese facer á italiana ou doutro xeito (espazo escénico “río”, por exemplo).
- Luz xeral de escena, con tres lámpadas (ponas a compañía)
- Mesa de son, amplificación de guitarra e de voz (pode poñelas a compañía). Micrófono (pono a compañía).
- Proxector e pantalla ou parede clara. Ordenador compatible co proxector (pode poñelo a compañía, pero cómpre comprobar antes a compatibilidade).



DOSSIER DE PRENSA

- Diario de Ferrol, 26 de setembro do 2014, reportaxe sobre a función de *Berlín* na Fundación Artábria: <http://www.diariodeferrol.com/articulo/ferrol/histeria-teatro-recrea-berlin-lou-reed-nunha-intensa-adaptacion-escenica/20140925223246101883.html>
- Radiofusión, 26 de setembro do 2014, entrevista a Lara Rozados sobre a función na Fundación Artábria: <http://173.255.131.18/audio/260914ROZADOS.mp3>
- Diario Cultural, Radio Galega, entrevista aos membros do elenco e gravación dun ensaio, previa á función do Liceo Mutante: <http://www.crtvg.es/rg/destacados/diario-cultural-diario-cultural-do-dia-06-11-2014-924769>
- Zig Zag Diario, TVG, entrevista en plató a Lara Rozados, previa á función en Pontevedra: <http://www.crtvg.es/cultural/corte-a-corte/lara-rozados-actriz-e-cantante-na-montaxe-berlin-inspirada-no-disco-de-lou-reed>

Corte a corte 

Lara Rozados, actriz e cantante na montaxe "Berlín", inspirada no disco de Lou Reed

Publicado o 24/11/2014 20:31



- Faro de Vigo, 27-1-2015, noticia previa á función en Vigo, no suplemento Vigo 4 costados: <http://www.farodevigo.es/suscriptor/4-costados/2015/01/27/histeria-teatro-revive-lou-reed/1172534.html>

FARO DE VIGO
MARTES, 27 DE ENERO DE 2015

VIGO 4 COSTADO

Histeria Teatro "revive" a Lou Reed

» La compañía representa "Berlín" en la Asociación Cultural Bou Eva el 31 de enero, a las 20.30 horas

REDACCIÓN (VIGO)

Lou Reed creou a comienzos de los 70 un disco que definió como "un film para los oídos", en el que contó la sordida relación en una ciudad dividida de una pareja, Jim y Caroline, marcados por la pobreza, la prostitución, la violencia y las drogas. El disco fue un fracaso comercial, aunque muy interesante musical y narrativamente.

Más de treinta años después, el filólogo, profesor y músico Leo Fernández Campos, más conocido como O Leo! Arremecagón!!!, realizou una exhaustiva labor de traducción de las letras de las canciones y fue trabajando en ellas, junto a la periodista y actriz Lara Rozados, en una teatralización hasta que en 2013, con la muerte de Lou Reed, decidieron estrenar el montaje, para el cual contaron con la colaboración del director y actor Chiqui Pereira, miembro de la compañía



Una escena de "Berlín": // José Valiño

Berrobambán

Estrenada el pasado mes de junio en Santiago de Compostela, "Berlín" llega a la Asociación Cultural Bou Eva (Terzo de Fóra, 11) el próximo 31 de enero, a las 20.30 horas. La entrada cuesta 5 euros, 3 para los socios.

"Berlín" cuenta con la dirección de Chiqui Pereira, y con Leo Fernández Campos en los papeles de Jim y el narrador y Lara Rozados como Caroline. El vestuario, atrezzo, escenografía y luces son de Histeria Teatro, y el sonido, música y vídeos, de Léelo Fernández Campos. El diseño gráfico y la fotografía son de José Valiño.

- Faro de Vigo, 27-1-2015, axenda cultural: <http://galego.farodevigo.es/sociedad-cultura/2015/01/27/espectaculo-berlin-basado-temas-lou/1172705.html>

agenda

qué hacer **VI SA DO**

La adaptación teatral del álbum "Berlín" de Lou Reed llega a Vigo

La Asociación Cultural Dos Dos de Vigo acaba de montar 100.000 metros el espectáculo de música y teatro "Berlín", basado en el álbum que Lou Reed grabó en 2000, siendo en 1970 zonas de "la ciudad roca" entre sus etapas en una ciudad dividida.

Los textos del compositor neoyorquino fueron adaptados por el músico y músico Leo Fernández García, más conocido como D. Las Antenas, y la música, en colaboración con el actor Leo Álvarez, se dio paso a una "Berlín" de la obra, a cargo de la compañía independiente Hacer Teatro, en una adaptación en la que se profundiza en las vidas de los dos protagonistas, John y Caroline, marcadas por la pobreza, la prostitución, la violencia y los drogas.

El montaje dirige por el director y actor Daniel Fernández, miembro de la compañía Hacer Teatro, que estrenó en el año de 2011 el espectáculo de teatro, "Berlín", y 2012 estrenó el año el espectáculo de teatro, "Berlín", en colaboración con el actor y músico Leo Álvarez.

"Berlín" de Lou Reed se encuentra en la calle, pero de "Berlín" en las calles de Vigo. No solo en la calle de los actores, sino en la calle de los actores.

La entrada tiene un precio de tres euros para adults y cinco para niños y niñas.



Prólogo. Nueva adaptación de Leo Fernández García, más conocida como D. Las Antenas, y la música, en colaboración con el actor Leo Álvarez, se dio paso a una "Berlín" de la obra, a cargo de la compañía independiente Hacer Teatro, en una adaptación en la que se profundiza en las vidas de los dos protagonistas, John y Caroline, marcadas por la pobreza, la prostitución, la violencia y los drogas.

dvd



Gran Cine **Alquiler**

Frontera

La acción de un documental de guerra en un campo de refugiados de Siria, el documental "Frontera" de Michael Winterbottom, que muestra la vida de los refugiados sirios en un campo de refugiados en Turquía. El documental es una obra de arte que muestra la vida de los refugiados sirios en un campo de refugiados en Turquía. El documental es una obra de arte que muestra la vida de los refugiados sirios en un campo de refugiados en Turquía.



A COMPAÑÍA

Histeria Teatro naceu no 2001, cos espectáculos *Ramón*, do dramaturgo catalán Sergi Belbel, dirixida por Antón Picón, e unha obra de creación propia: *De verdade queres saber como me sinto?*, con texto de Antón Picón, dirixida por Miguel Rozados. Levaron estes espectáculos ao IES de Curtis (martes 4 de decembro do 2001), o local da Federación de Animación Sociocultural Itaca (venres 8 de marzo e 12 de abril do 2002), ou mesmo espazos ao aire libre, coma Oroso (sábado 18 de maio do 2002), nunha xornada organizada polo IES Antonio Fraguas (Santiago de Compostela).

Xa no 2003, poñen a andar novos espectáculos mentres manteñen os anteriores. O *sketch* mudo *O beixo*, de Lino Braxe, dirixido por Miguel Rozados, onde comezan xa a xogar co humor mudo e a confusión entre os roles de xénero. Chega outra obra de creación propia con texto de Ángela Fernández, *Ó fondo á dereita*, dirixida por Miguel Rozados, e pensada para cafés e bares. Este espectáculo arrasou nas múltiples funcións que tivo: o venres 2 de maio no Centro Xuvenil Don Bosco (Santiago de Compostela), o luns 5 de maio na Residencia Universitaria Monte da Condese (Santiago de Compostela), o venres 9 de maio na Cafetería Nichol's (A Estrada), onde o público chegou a pedir que se repetise a obra, o venres 16 de maio na Viñoteca "O Ribouzo" (Santiago de Compostela), o domingo 18 de maio no Centro Cívico de Caranza (Ferrol), e o sábado 24 de maio no local da Federación de Animación Sociocultural Itaca (Santiago de Compostela).

Mentres, o grupo abríase a novos formatos, coma o da animación da rúa: varios dos seus membros participan no programa "Urbis", realizado pola Dirección Xeral de Xuventude da Xunta de Galicia en xaneiro do 2003, que recreou nas rúas de Compostela o medievo. Tamén se interesan polo audiovisual, e realizan a curtametraxe *Perú*, baseada nun relato de Miguel Rozados, dirixida por el mesmo e Sandra Fares en febreiro do 2003, con Dolores Picallo no papel de Adriana. Colaborou na dirección a actriz e poeta María Lado.

Xa no 2004, despois da marcha de Ángela Fernández, o grupo segue con *Ramón*, con María Lado como substituta, e continúa a experimentar con novos formatos, elaborando textos de produción propia ou dramatizando poemas: a partir do poema *Por que?*, de Dolores Picallo, todo o elenco realizou unha pequena peza que mesturaba música, poesía e *performance*. Fíxose o propio a partir de *Deitado fronte ao mar*, de Celso Emilio Ferreiro, e tamén, de xeito moi paródico coas relacións de dependencia e submisión que propicia o discurso de moitas cancións comerciais, a partir do tema de Gloria Estefan *Hoxe vereite de novo*.

Por outra banda, con motivo do Día das Letras Galegas dedicado a Xaquín Lorenzo "Xocas", Miguel Rozados fai unha pequena peza teatral a partir d'*O refraneiro galego*, que interpretaría todo o elenco. E, xogando unha vez máis cos roles de xénero, o grupo prepara a peña *Que sería de nós sen os obreiros*, de Gustavo Pernas, con Miguel Rozados como Gaudencia e Pilar Muñiz como Carmiña. Ese ano, o grupo tivo as seguintes funcións: o domingo 16 de maio no Centro Cívico de Caranza (Ferrol), o luns 17 de maio no Concello de Cerdedo, dentro do programa "Galicia nos sentidos", da Consellaría de Cultura, o martes 18 de maio no IES de Curtis, o venres 28 de maio no IES de Viceso (Brión), e o 22 de xuño e o 16 de decembro no Centro Sociocultural da Trisca (Santiago de Compostela), que se converte, a partir deste ano, no local de ensaios do grupo. Parte do grupo, mentres, implicouse na gravación dun documental sobre o compostelán barrio de San Pedro.

No 2005, o autor Xavier Picallo comeza a escribir e dirixir unha peza para Histeria. **O**

porqué do por que participa, o xoves 31 de marzo do 2005, no I Certame de Teatro Cómico organizado polo compostelán Café Teatro Garigolo, e consegue pasar á final, polo que volve actuar o xoves 19 de maio. Quedan no cuarto posto na clasificación final. Ademais, actuaron o sábado 2 de abril no local da Federación de Animación Sociocultural Itaca, o martes 5 de abril do 2005 no IES de Curtis, e o venres 1 de xullo ás 23:00 no bar Ardora (Porto do Son). Ese ano aínda actuaría na Biblioteca da Obra Social Caja Madrid, no marco da súa programación cultural para os sábados á noite.

Os anos seguintes houbo intentos de continuar (exploráronse posibilidades coma adaptar os *Monólogos da vaxina*, de Eve Ensler, ou teatralizar monólogos do programa *El club de la comedia*, e Xavier Picallo escribiu a continuación d'*O porqué do por que*), pero, por indispoñibilidade ou ocupacións laborais dos membros do grupo, cesan as actuacións. Desde o 2009 ensaian **Hámster**, de Santiago Cortegoso, que se estreou o 26 de abril do 2013 no CSC da Trisca, en Santiago de Compostela, e nestes dous anos percorreu escenarios de Ferrol, Pontedeume, Serra de Outes, Teo, Compostela e Pontevedra. Agora preparan novos proxectos, coma retomaren *Ai, que sería de nós sen os obreiros*, de Gustavo Pernas, ou a peza deste mesmo autor *Branco e negro*. Ademais, traballan na tradución para a súa posta en escena de *La voix humaine*, de Jean Cocteau. O 21 de xuño do 2014 estrearon este **Berlín**, inspirado no disco de Lou Reed, coa colaboración especial d'O Leo i Arremecághona, cantautor punk. Esta montaxe xa pasou por Ferrol, Pontevedra, Pontedeume, A Guarda, Ourense (no marco do festival Pelea!) e Vigo.

O Leo i Arremecághona leva nos escenarios desde o ano 98, en que sacou o seu disco *Suspiros de kaña* e foi abreconcertos de Albert Pla na súa xira galega. Actualmente participa nos grupos Das Kapital, Labreghos do Tempo dos Sputniks e Ondas Martenot, ao tempo que continúa co seu proxecto en solitario, cada vez máis diversificado. Nel alíanse teatro e punk en múltiples personalidades: O Leo i Arremecághona, cantautor punk; O En-riquinho, que explora o pop; A Reme Cághona, para a vindicación feminista; ou O Leio, para recuperar a canción protesta. Agora, ademais de *Berlín*, segue cos seus proxectos musicais con novos formatos de espectáculo.

DATOS DE CONTACTO:

Asociación Cultural Histeria Teatro

C.I.F.: G-15874787

Rúa Betanzos, 20, 1º,

15703, Santiago de Compostela

histeriateatro@gmail.com

<http://histeriateatro.blogaliza.com>

0034 658 288 872

HISTERIA TEATRO